

PROBLEMAS DE SUBMINISTRO DA VACINA Td (TÉTANO-difteria)

As dúas compañías subministradoras que teñen comercializada a vacina Tétano-difteria (Td), laboratorio Glaxo-Smith-Kline (vacina Ditanrix®) e laboratorio Sanofi Aventis (vacina Difatvax®), comunicaron ás autoridades sanitarias o seu desabastecemento parcial, indicando que este ano 2017 ían importar a metade das doses do ano pasado. Neste momento descoñécese o tempo que vai ser necesario para resolver este problema, aínda que pode prolongarse a medio prazo.

Ante esta situación, a Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial de Saúde acordou diversas medidas para garantir o subministro [\[ligazón\]](#), priorizando o uso desta vacina naqueles casos de maior risco e buscando minimizar as repercusións sobre o programa de vacinación.

En Galicia, este acordo concrétase do xeito seguinte:

[1] Priorizar a vacinación con Td na profilaxe postexposición ante feridas tetanixenas: Nestes casos, todo o persoal do sistema sanitario debe aterse estritamente ás directrices formuladas e recabar toda a información dispoñible sobre o número de doses de vacina fronte ao tétano xa recibidas. A relación das feridas tetanixenas e o xeito de tratalas pódese consultar na seguinte [ligazón](#).

[2] Suspender temporalmente a vacinación con Td nos adolescentes aos 14 anos: Esta dose será restituída cando se normalice o subministro normal desta vacina. O seu aprazamento non supón ningún risco incrementado xa que estes nenos/os recibiron previamente 5 doses, polo que están perfectamente protexidos fronte a estas enfermidades.

Está previsto que os afectados pola suspensión temporal da vacina dTpa dos 6 anos (nados no ano 2009-2010) recibirán proximamente a dose atrasada así como a normalización desta dose no calendario.

[3] Suspender temporalmente a dose de reforzo no adulto: Aqueles adultos que iniciaran a pauta de vacinación con anterioridade, non se lles completará a mesma ata que se restableza o subministro.

[4] Suspender temporalmente a primovacinação no adulto: Agás ante feridas tetanixenas e outras posibles situacións de risco elevado, que serán –estas últimas– avaliadas pola Xefatura Territorial correspondente tralo envío do informe sobre o caso (teléfonos das Xefaturas Territoriais no rodapé).

A nota informativa completa pódese consultar na páxina web da dirección xeral de Saúde Pública, na seguinte [ligazón](#)